



CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO CORGO, DO DÍA 30 DE XULLO DE 2015.

PRESIDENTE:

D. José Antonio Ferreiro González.
(PP)

CONCELLEIROS:

ASISTENTES:

D. Felipe Labrada Reija (PP)
D. Marcos Trashorras Reija (PP)
D^a M^a del Mar Gómez Gómez (PP)
D^a, M^a Jesús Alvarez Fole (PP)
D. Javier Cerqueiro González (PSOE)
D. Jesús Seijas Abuín (PSOE)
D^a Marta López Abeledo (PSOE)
D. Mario Outeiro Iglesias (BNG)
D^a María Abuín Sanfiz (BNG)
D. Francisco Javier Vila Núñez (DIC)

No salón de sesións do Concello do Corgo, ás 12:30 horas do día 30 de xullo de 2015 reúnese o Pleno do Concello co obxecto de celebrar sesión ordinaria organizativa.

Preside o acto o Sr. Alcalde D. José Antonio Ferreiro González e asisten os concelleiros que se relacionan á marxe.

Da fe do acto o Secretario, D. Marco A. García-Gabilán Sangil.

SECRETARIO:

D. Marco Antonio García-Gabilán
Sangil.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

1. Lectura e aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.

Apróbanse por unanimidade o borrador da acta do día 9 de xullo de 2015.


2.-Modificación de créditos.

A petición do Alcalde dáse conta da memoria da Alcaldía relativa á modificación de créditos, que literalmente di:

"MEMORIA DA ALCALDÍA

No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal corrente, obsérvase a insuficiencia e inexistencia de crédito en determinadas aplicacións do estado de gastos para atender necesidades relativas a obras, servizos e subministros, que seguidamente se indican, a cargo da Corporación, de carácter inaprazable, consistentes en:

1. *Aportación municipal complementaria á efectuada na modificación de créditos 3/2015 ao proxecto: "Afirmado e pavimentación de camiño para acceso a O Cambeiro en O Corgo", incluídos custes técnicos. Importe: 45.000,00 euros.*
2. *Colectores de augas fecais e rede de saneamento no Cambeiro, incluídos custes técnicos. Importe: 24.000,00 €.*
3. *Aportación municipal complementaria á efectuada na modificación de créditos 3/2015 ao proxecto "Revalorización dos recursos culturais", que comprende as seguintes actuacións: Fachadas do centro social de Folgosa, caseta no campo da feira de Gomeán, palco da música de Pedrafita, fonte de Abragán, centro social de Santo André e colocación de fiestras no local social de Gomeán, incluídos custes técnicos. Importe: 8.842,10 euros.*
4. *Acondicionamento do teleclub de Marei (afectado a servizo público), incluídos custes técnicos: Importe: 18.000,00 euros.*
5. *Obras adicionais á inversión "Rede de saneamento e abastecemento do camiño de titularidade municipal 014-025 de LU-546 a Santo André, tramo desde "O Rego" (estrada LU-546) a depuradora Manán". Execución de obras accesorias para enlace de acometidas domiciliarias coas redes municipais de abastecemento e saneamento en Manán, O Rego e Lamapulleira, incluídos custes técnicos. Acometida eléctrica para bombeo da depuradora. Importe: 7.000,00 euros.*
6. *Acceso en Queizán, incluídos custes técnicos. Importe: 2.450,00 euros.*





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

7. Prolongación da rede de abastecemento municipal en Hospital. Importe: 4.000,00 euros.
8. Abastecemento de auga potable en Pedrafita e completar saneamento de Abuín. Importe: 11.000,00 euros.
9. Retranqueo líneas eléctricas na actuación: "Arranxo da contorna do pazo do Corgo. Fase I". Importe: 4.635,56 euros.
10. Obras adicionais á inversión "Plan Marco 2014-2015: Mellora e mantemento de accesos a Reconco, Camposo, Franqueán-San Lorenzo, Monte de Silva, Fonteita-Rubial, Santo André-Corral, Santo André-Vilapene", incluídos custes técnicos. Importe: 3.500,00 euros.
11. Asignacións económicas aos grupos políticos municipais para o seu funcionamento. Importe: 6.120,00 euros.

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente, ou sexan insuficientes as dotacións previstas no mesmo, a Corporación pode acordar tanto unha concesión de crédito extraordinario, como un suplemento de crédito. Dita modificación de créditos deberá atenderse, indistintamente, co remanente líquido de Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobranche da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totales previstos no orzamento corrente ou ben anulando ou minorando o crédito necesario doutras aplicacións do orzamento que se estimen como dotacións reducibles, sen perturbación do respectivo servizo. Tamén poden financiarse con recursos procedentes de operacións de crédito nos casos previstos no artigo 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Esta Alcaldía, estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos, nutrindo os recursos con cargo ao Remanente líquido de Tesourería dispoñible do exercicio anterior; e, na súa virtude, previo estudo das necesidades, de carácter inaprazable, que neste momento ten a Corporación, somete á consideración do Concello Pleno as modificacións que a continuación se detallan:

1º.- CRÉDITOS NECESARIOS:

a) Suplementos de crédito (Aplicacións dotadas insuficientemente)

Aplicación	Consignación antes	Aumento que se	Total consignación	FINS DESTINAN	AOS OS	QUE SE	NOVOS
------------	--------------------	----------------	--------------------	---------------	--------	--------	-------





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Orzament aria	deste expedient e	propón	n resultante	CRÉDITOS E CAUSAS DA SÚA NECESIDADE
1532-619	18.000,00	45.000,00	63.000,00	Aportación municipal complementaria á efectuada na modificación de créditos 3/2015 ao proxecto: "Afirmado e pavimentación de camiño para acceso a O Cambeiro en O Corgo", incluídos custes técnicos. Importe: 45.000,00 euros. Prestación dos servizos públicos básicos.
160-629	91.000,00	31.000,00	122.000,00	Colectores de augas fecais e rede de saneamento no Cambeiro, incluídos custes técnicos. Importe: 24.000,00 euros. Prestación dos servizos públicos básicos. Obras adicionais á inversión "Rede de saneamento e abastecemento do camiño de titularidade municipal 014-025 de LU-546 a Santo André, tramo desde "O Rego" (estrada LU-546) a depuradora Manán".





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

				Execución de obras accesorias para enlace de acometidas domiciliarias coas redes municipais de abastecemento e saneamento en Manán, O Rego e Lamapulleira, incluídos custes técnicos.
334-632	42.105,26	8.842,10	50.947,36	Acometida eléctrica para bombeo da depuradora. Importe: 7.000,00 euros. Prestación dos servizos públicos básicos.
				Aportación municipal complementaria á efectuada na modificación de créditos 3/2015 ao proxecto "Revalorización dos recursos culturais", que comprende as seguintes actuacións: Fachadas do centro social de Folgosa, caseta no campo da feira de Gomeán, palco da música de Pedrafita, fonte de Abragán, centro social de Santo André e colocación de fiestras no local social de Gomeán, incluídos custes técnicos. Importe: 8.842,10 euros.
933-632	25.926,00	18.000,00	43.926,00	Promoción da cultura.
453-619	476.604,7	5.950,00	482.554,71	





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

	1			<p>Acondicionamento do teleclube de Marei (afectado a servizo público), incluídos custes técnicos. <i>Importe: 18.000,00 euros. Mellora na prestación dos servizos municipais.</i></p> <p>Acceso en Queizán, incluídos custes técnicos. <i>Importe: 2.450,00 euros.</i></p> <p>Obras adicionais á inversión "Plan Marco 2014-2015: Mellora e mantemento de accesos a Reconco, Camposo, Franqueán-San Lorenzo, Monte de Silva, Fonteita-Rubial, Santo André-Corral, Santo André-Vilapene", incluídos custes técnicos. <i>Importe: 3.500,00 euros. Conservación e mellora de infraestruturas básicas.</i></p> <p>Prolongación da rede de abastecemento municipal en Hospital, incluídos custes técnicos. <i>Importe: 4.000,00 euros. Prestación</i></p>
161-629	45.000,00	15.000,00	60.000,00	
336-619	115.895,86	4.635,56	120.531,42	





CONCELLO DO CORGO


Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

			<p>dos servizos públicos básicos.</p> <p>Abastecemento de auga potable en Pedrafita e completar saneamento de Abuín, incluídos custes técnicos. Importe: 11.000,00 euros.</p> <p>Prestación dos servizos públicos básicos.</p> <p>Retranqueo líneas eléctricas na actuación: "Arranxo da contorna do pazo do Corgo. Fase I". Importe: 4.635,56 euros. Protección do patrimonio cultural.</p>
--	--	--	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Total dos suplementos de crédito..... 128.427,66 euros

b) Créditos extraordinarios (Aplicacións non dotadas no Orzamento)

Aplicación	FINS ÓS QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
Orzamentaria	E CAUSAS DA SÚA NECESIDADE	Euros





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

912-480	<i>Asignacións económicas aos grupos políticos municipais para o seu funcionamento. Importe: 6.120,00 euros. Facilitar o funcionamento dos grupos políticos municipais.</i>	6.120,00
---------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------

Total dos créditos extraordinarios..... 6.120,00 euros

RESUMO:

Total dos suplementos de crédito..... 128.427,66.-

Total dos créditos extraordinarios..... 6.120,00.-

IMPORTE TOTAL DA OPERACIÓN..... 134.547,66.-





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

2º.- FINANCIACIÓN:

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes:

a). Con cargo ao Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais:

Remanente líquido de Tesourería ao inicio do exercicio2.015.634,20.-
 Remanente líquido de Tesourería dispoñible nesta data...
 1.440.503,38.-
 Cantidad que se precisa utilizar neste expediente...
134.547,66.-
Diferencia: Cantidad de Remanente sobrante.....
1.305.955,72.-

(*).- Da cantidade indicada, 382.245,92 euros proceden de actuacións no Patrimonio Público do Solo, o que nos levaría a ter unha cantidade definitiva sobrante de Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, despois da aprobación deste expediente, de 923.709,80 euros.

RESUMO:

Por utilización do Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais
 134.547,66.-
 Por baixas por anulación parcial doutras partidas no Orzamento vixente
0,00.-
IMPORTE TOTAL RECURSOS FINANCIACIÓN..... 134.547,66.-

O Corgo, 22 de xullo de 2015

O alcalde-presidente,

Asdo.: José Antonio Ferreiro González.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100, Fax: 982 302 068

Seguidamente, Mario Outeiro di que se ve que os orzamentos non son amplos para comprender tódalas obras; porón, votan a favor porque non se opoñen ás obras.

Javier Cerqueiro comenta que o seu grupo valse abster na votación porque entenden que son decisións que corresponden ao grupo de goberno; aínda que non se opoñen ás obras.

Rematadas as intervencións, o Pleno, en votación ordinaria e por 8 votos a favor (5 dos concelleiros do PP, 1 do concelleiro de DIC, e 2 dos concelleiros do BNG) e 3 abstencións dos concelleiros do PSOE, acorda aprobar a referida modificación.

3.- Elección dos concellos representantes no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

O Alcalde explica que hai que propoñer os concellos representantes no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria na provincia de Lugo.

Comenta que o seu partido ten una proposta, pero que agora non recorda tódolos concellos, aínda que si lembra que un deles é Foz.

O voceiro do BNG propón ao Corgo.

O voceiro do PSOE propón aos concellos de Pedrafita, Monforte e Láncara.

Tras un breve debate, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda propoñer aos concellos de O Corgo, Pedrafita e Foz.

4.- Dedicación parcial durante o mes de vacacións do Alcalde.

O Alcalde dá conta da súa moción que literalmente di:





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

"MOCION SOBRE A DEDICACIÓN PARCIAL DURANTE O MES DE VACACIÓNS DO ALCALDE

O art.75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/99, de 22 de abril, establece que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva; nese caso serán dados de alta no Réxime Xeral de Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

Os Concellos cada vez teñen mais competencias e servizos que desenvolver, sendo necesario unha grande dedicación ás labores propias do cargo.

Por acordo do Pleno do 27 de xuño de 2003 acordouse establecer a adicación parcial para a Alcaldía, adicación que se mantivo ata a xubilación do Alcalde José Antonio Ferreiro González, non existindo hoxendía esta adicación parcial.


Por todo o exposto, propoño ao Pleno adopte o seguinte acordo:

- 1) No caso de ausencia legal do Alcalde durante o seu período de vacacións, o Tenente de Alcalde que o substitúa, adicarase tamén parcialmente ó cargo, durante media xornada (4 horas) de luns a venres, cunha retribución bruta de 1.666,67.*

O Corgo, 23 de xullo de 2015

O ALCALDE,"

Sometida a votación, o Pleno, por 5 votos a favor dos concelleiros do PP e 6 abstencións (3 dos concelleiros do PSOE, 1 do concelleiro de DIC e 2 dos concelleiros do BNG), acorda aprobar a referida moción.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

5.- **Asignación de asistencias á Xunta de Voceiros e mesas de contratación.**

O Alcalde dá conta da súa proposta que literalmente di:

"PROPOSTA SOBRE ASIGNACIÓN DE ASISTENCIAS Á XUNTA DE VOCEIROS E MESAS DE CONTRATACIÓN

O art. 225.3 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que "só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán asistencia pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que forman parte, e na contía que sinala o Pleno dela".

No mesmo sentido se manifesta o art. 75.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispoñendo no seu pto. 3 que as Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións ou indemnizacións que se establezan.

En base ó anteriormente exposto propoño ó Pleno adopte o seguinte acordo:

1) Por concorrencia efectiva dos Concelleiros á Xunta de Voceiros, estes percibirán unha indemnización en concepto de asistencia de 75 €.

2) Pola concorrencia efectiva ás Mesas de contratación, percibirán unha indemnización de 75 €.

O Corgo, 23 de xullo de 2015

O ALCALDE,"

Sometida a votación ordinaria, o Pleno, por 5 votos a favor dos concelleiros do PP, 3 votos en contra dos concelleiros do PSOE e 3 abstencións (2 dos concelleiros do BNG e 1 do DIC), acorda aprobar a referida proposta.

6.- **Elección do Xuíz de Paz substituto.**





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

O Alcalde da conta do expediente tramitado a instancias da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para a elección de Xuíz de Paz substituto, como consecuencia da renuncia do anterior.

O expediente expúxose ao público no BOP de Lugo nº 116, de 23 de maio de 2015, no Xulgado Decano de Lugo, no Xulgado de Paz do Corgo e no taboleiro de anuncios do Concello, presentándose dúas solicitudes: Domingo O. Pérez Lidor, con DNI nº 76 554 972 R; Manuel Rodríguez Lorenzo, con DNI nº 33 817 893 G, ambos os dous deste término.

Os candidatos son españois, maiores de idade e non están incursos en ningunha das causas de incapacidade nin de incompatibilidade que establecen os artigos 303 e 389, respectivamente, da Lei Orgánica do Poder Xudicial, segundo declaran os propios interesados.

O Concelleiro Felipe Labrada Reija di que se vai abster na votación por ser amigo de ambos os dous.

Javier Cerqueiro explica que o seu grupo vai apoiar a Manuel Rodríguez Lorenzo, quen tivo que renunciar ao cargo de Xuíz de Paz substituto ao ir nas listas electorais do PSOE nas derradeiras eleccións locais. Indica que para Manuel supuxo un grande esforzo ter que renunciar a este cargo, pero que ilo pediu el, por ser incompatible; engade que Manuel renunciou para loitar polo Corgo.

Mario Outeiro di que para el as dúas persoas cumpren para desenvolver o cargo. Comenta que o seu grupo político, na elección anterior de Xuíz de Paz, votou a favor de Manuel Rodríguez Lorenzo. Agora o farán a favor de Domingo O. Pérez Lidor porque nesta vez foi o primeiro en presentar a solicitude, e xa tiña un compromiso con el porque ilo pediu antes.

O alcalde explica que se avisou a Domingo Pérez Lidor, por se lle interesaba; pensou que ao renunciar Manuel Rodríguez Lorenzo, non se volvería a presentar.

O Pleno procede á elección do Xuíz de Paz substituto resultando as seguintes votacións:





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Domingo O. Pérez Lidor: 6 votos a favor (4 dos concelleiros do PP e 2 dos concelleiros do BNG).

Manuel Rodríguez Lorenzo: 4 votos a favor (3 dos concelleiros do PSOE e 1 do concelleiro do DIC).

Queda proposto como Xuíz de Paz substituto Domingo O. Pérez Lidor, ao obter a maioría absoluta dos votos dos membros da Corporación.

7.- Aprobación provisoria das modificacións do PXOM, segundo o ditame da Comisión Especial de Seguemento:

1) Modelo territorial e estrutura xeral e orgánica:

- Clasificación como solo rústico coa categoría que corresponda, o sector SUNDR-1.
- Corrección dalgunhas fichas de espazos libres e equipamentos (sistemas que se prevén obter).

2) Asignación de clasificación a todos os espazos libres, zonas verdes, e equipamentos localizados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano.

3) Solo urbano de Estación-Laxosa.

4) Núcleos:

a) Corrección da superficie de parcela mínima nos núcleos rurais de Lidor, Vilar, Baldomiro, A Ermida, A Peneda, Vilanova, A Campa e Manán de San Cosme.

b) Corrección das delimitacións dos núcleos rurais seguintes para adaptalos ás Directrices de Ordenación do Territorio: Adai, Camposo, Castrillón, Alto de Gomeán, A Vacariza, O Val, O Lonsado, Vilarinho, A Campa e Manán de Santa María.

c) Corrección das delimitacións dos núcleos rurais comúns de: Adai, Outeiro, Alto de Gomeán, O Noviño, Rubial en Fouteita, Parabela, A Campa, Vilachá e Ponte de Neira.

5) Solo urbanizable:

- Axuste do solo urbanizable SUNDR-1 á do Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia.
- Clasificación do Cardexo como SUDR-1.

6) Normativa

Corrección da DA 3ª eliminando do seu ámbito de aplicación os núcleos rurais de Arxemil, Sabarel de Abaixo, Veiga, Outeiro e Donalbán.

7) Estratexia de actuación e estudo económico

Concreción do modo de apertura de vías do núcleo 14/03 (O Corgo).

8) Priorización da clase do solo de núcleo rural fronte á de rústico nos asentamentos de A Estrada e As Casetas.

9) Correccións no Catálogo do PXOM:

- Inclusión da clasificación do solo no que se sitúa o ben catalogado.
- Ampliación do entorno de protección do núcleo de Pedrafita.
- Corrección de erros na delimitación de Castro da Croa.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Especial de Seguemento do PXOM celebrada o día 28 de xullo de 2011, que literalmente di:

"Dáse conta da Orde do 19 de maio de 2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Corgo, publicada no DOG Nº 102, do 2 de xuño de 2015, que literalmente di:

ORDE do 19 de maio de 2015 de aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do Corgo O Concello do Corgo remite o Plan xeral de ordenación municipal, en solicitude da súa aprobación definitiva, conforme o previsto no artigo 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Analizada a documentación achegada polo Concello do Corgo, e vista a proposta literal que nesta mesma data eleva a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, resulta:

I. Antecedentes.

I.1. Planeamento municipal vixente.

O Concello do Corgo carece na actualidade de planeamento xeral municipal, polo que lle son de aplicación as normas subsidiarias e complementarias de planeamento provinciais aprobadas o 3 de abril de 1991.

Conta con 22 delimitacións de núcleo rural aprobadas definitivamente.

I.2. Figuras de ordenación do territorio con incidencia supramunicipal.

O termo municipal está afectado polos seguintes proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal: liña de alta tensión LAT de 2 kW O Corgo-Triacastela (AD do 3 de novembro de 2011; DOG do 9 de decembro); e o parque empresarial do Corgo (AD do 14 de xullo de 2005; DOG do 17 de outubro).

I.3. Tramitación.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

1. A CPTOPV emitiu informe previo á aprobación inicial en data do 8 de marzo de 2005.

2. O Concello Pleno do 30 de setembro de 2005 aprobou inicialmente o PXOM; e someteuno a información pública por un mes e medio mediante anuncios no DOG do 7 de outubro e nos xornais La Voz de Galicia do 7 de outubro e El Progreso do 13 de outubro. Simultaneamente, deuse audiencia aos concellos limítrofes de Lánca, O Páramo, Baralla, Castroverde, Lugo e Guntín.

3. Constan informes municipais: técnicos do 12.11.2004, 21.11.2008, 18.11.2009, 29.6.2011, 31.8.2011, 14.10.2011, 10.10.2014 e 18.2.2015; e xurídicos do 15.9.2005, 26.7.2011, 15.10.2011 e 6.10.2014.

4. Consta Resolución do 3 de marzo de 2010 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental na que se declara a inviabilidade de someter o PXOM ao trámite ambiental.

5. En cumprimento da lexislación sectorial vixente, constan os seguintes informes:

a) Servizo de Defensa contra Incendios Forestais da Consellería de Medio Ambiente, de 13 de decembro de 2004 e 17 de xaneiro de 2012.

b) Subdirección Xeral de Estradas, da CPTOPT: favorable condicionado o 12.12.2005, 23.10.2007, 28.5.2008, 12.6.2008, 28.5.2012. Consta remisión de informe favorable 6.5.2015.

c) Consellería de Cultura en materia de patrimonio cultural, favorable condicionado do 5 de xullo de 2006.

d) Administrador de Infraestruturas ferroviarias ADIF, do 15 de maio de 2008.

e) Dirección General de Carreteras do Ministerio de Fomento, do 19 de decembro de 2012 favorable para os efectos globais e con condicións en canto á afeccións e zonas de protección das infraestruturas de titularidade estatal.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

f) *Confederación Hidrográfica del Miño-Sil: favorable condicionado do 20 de febreiro de 2014.*

g) *Ministerio de Industria, Turismo y Comercio en materia de telecomunicacións do 7 de abril de 2014.*

h) *Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda do 1 de outubro de 2014.*

6. *O Concello Pleno do Corgo acordou a aprobación provisional do PXOM o 17 de outubro de 2014.*

II. Análise e consideracións.

Segundo o disposto nos artigos 85.7 e 227 da LOUG, para resolver sobre a aprobación definitiva analizouse a integridade e suficiencia dos documentos que integran o PXOM; a conformidade do plan coa lexislación urbanística vixente e a adecuación das súas determinacións á protección do medio rural; a incidencia do plan sobre as materias de competencia autonómica e sobre as políticas autonómicas de desenvolvemento sustentable; e a articulación das infraestruturas de carácter local cos elementos vertebradores do territorio de alcance supramunicipal.

O PXOM do Corgo axústase en xeral aos fins e consideracións establecidos nos artigos 4 e 52 LOUG e ás determinacións das Directrices de ordenación do territorio.

Porén, cómpre formular as seguintes observacións:

II.1. Modelo territorial e estrutura xeral e orgánica.

O Plan do Corgo establece obxectivos coherentes baseados no afianzamento de estruturas rurais recoñecidas nas delimitacións aprobadas e nas estruturas tradicionais herdadas procurando procesos de densificación fronte á extensión.

O sector de solo urbanizable non delimitado residencial SUNDR-1 proposto no perímetro do núcleo rural do Corgo é incompatible coas determinacións das DOT, polo que deberá preservado do





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

desenvolvemento urbanístico y clasificarse como solo rústico coa categoría que corresponda.

Obsérvanse erros nalgunhas fichas de espazos libres e equipamentos, que recollen como sistema xeral existente solos que se prevén obter.

II.2. Clasificación e determinacións das distintas clases de solo.

De acordo co artigo 10 da LOUG, o PXOM deberá asignar a clasificación correspondente a todos os espazos libres, zonas verdes e equipamentos localizados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano.

II.2.1. Clasificación e determinacións do solo urbano.


Recoñecido como solo urbano o asentamento da Estación, a ordenanza residencial intensiva asignada non resulta congruente coas instalacións terciarias e pequenas industrias existentes. Así mesmo, as aliñacións deberán respectar as edificacións de singular valor arquitectónico existentes, evitando incluílas no réxime de fóra de ordenación. Non se pode xustificar a inclusión na categoría de solo urbano consolidado das parcelas vacantes situadas ao leste do asentamento.

II.2.2. Clasificación e determinacións do solo de núcleo rural.

Nas fichas dos núcleos rurais existen contradicións entre a superficie de parcela mínima considerada para o cálculo da consolidación e a establecida para edificar, sendo esta inferior a aquela. Daquela, a consolidación incumpre o mínimo establecido no artigo 13 da LOUG nos núcleos rurais de: 10/03 Lidor, 16/10 Vilar, 18/01 Baldomiro, 19/02 A Ermida, 21/03 A Peneda, 24/08 Vilanova, 32/01 A Campa e 32/02 Manán de San Cosme.

Non se xustifica a inclusión como solo de núcleo rural común da bolsa de solo nomeada como 12/01 Cardexo, que non presenta o carácter exixido no artigo 13.1 LOUG para merecer tal clasificación.

Ao abeiro do artigo 13 LOUG e determinación excluínte 3.1.10 DOT deberán revisarse as delimitacións dos núcleos rurais, evitando crecementsos lineais, unións entre asentamentos polinucleares e excluíndo as bolsas de terreos e edificacións illadas desligadas dos asentamentos orixinais: 02/01 Adal, 09/01 Camposo, 10/01 Castrillón, 14/01 Alto de Gameán, 16/09 A





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Vacariza, 20/07 O Val, 22/05 O Lousado, 23/03 Vilariño, 32/01 A Campa e 33/01 Manán de Santa María.

Algunhas delimitacións de núcleo rural común recollen parcelas vacantes de edificación na súa periferia, sen xustificación: 02/01 Adai, 02/03 Outeiro, 14/01 Alto de Gomeán, 18/06 O Noviño, 18/07 Rubial en Fonteita, 25/02 Paradela, 32/01 A Campá e 38/01 Vilachá. O mesmo sucede nas partes históricas tradicionais e común do núcleo 11/04 Ponte de Neira.

II.2.3. Clasificación e determinacións do solo urbanizable.

A delimitación do SUNDI 1 axustarase á do plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia.

II.3. Normativa.

Segundo a disposición adicional tercela da normativa do PXOM, das 23 delimitacións de núcleo rural vixentes, só 12 se manteñen invariables. Deberán suprimirse desta DA 3ª os núcleos que pasan a ser ordenados polo PXOM: 05/01 Arxemil, 30/02 Sabarei de Abaixo, 12/03 A Veiga, 24/05 Outeiro e 22/03 Donalbán.

II.4. Estratexia de actuación e estudo económico.

Deberá concretarse o modo de obtención das vías de nova apertura ao leste do núcleo rural 14/03 do Corgo.

II.5. Cuestións de índole documental.

Deberá priorizarse a clase de solo de núcleo rural fronte á de rústico nos asentamentos rurais 15/04 A Estrada e 23/01 As Casetas, dado que o PXOM os clasifica dobremente.

O catálogo do PXOM dará cumprimento efectivo aos condicionantes do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 5 de xullo de 2006, nomeadamente:

- Nas fichas do catálogo debe incluírse a clasificación do solo en que se sitúa o ben catalogado.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100, Fax: 982 302 068

- Deberá ampliarse o contorno de protección do núcleo de Pedrafita, incluíndo as edificacións do núcleo e as súas áreas de protección.

- Deberán corrixirse os erros na delimitación do Castro da Croa (ficha 1-08).

De conformidade co artigo 89 da LOUG, e o artigo 1 do Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal lle corresponde ao conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

III. Resolución.

En consecuencia, e de conformidade co establecido no artigo 85.7.a) da LOUG,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar definitivamente, de forma parcial, o Plan xeral de ordenación municipal do Corgo e deixar en suspenso as seguintes áreas:

- O solo urbano de Estación.
- Os núcleos sinalados no número II.2.2.
- Os sectores SUNDR-1 e SUNDI-1.

Segundo. Esta aprobación do PXOM queda condicionada á incorporación do resto das cuestións obxecto de reparos no punto II desta orde, para o que se deberá realizar o correspondente documento refundido.

Terceiro. Con respecto aos ámbitos suspendidos, o Concello deberá realizar as correccións necesarias e, tras a súa aprobación plenaria, elevalo novamente ante esta consellería para a súa aprobación definitiva.

Cuarto. Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Quinto. De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello deberá publicar no Boletín Oficial da provincia a normativa e ordenanzas do plan aprobado definitivamente.

Sexto. Notifíquese esta orde ao Concello e publíquese no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2015

Ethel María Vázquez Mourelle

Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

De seguido dáse conta das correccións realizadas polo equipo redactor e que figuran na Orde do Día da convocatoria, referentes a:

1) "Modelo territorial e estrutura xeral e orgánica:

- Clasificación como solo rústico coa categoría que corresponda, o sector SUNDR-1.
- Corrección dalgunhas fichas de espazos libres e equipamentos (sistemas que se prevén obter).

2) Asignación de clasificación a todos os espazos libres, zonas verdes, e equipamentos localizados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano.

3) Emisión de ditame sobre a aprobación provisoria de:

1) Solo urbano de Estación-Laxosa.

2) Núcleos:

a) Corrección da superficie de parcela mínima nos núcleos rurais de Lidor, Vilar, Baldomiro, A Ermida, A Peneda, Vilanova, A Campa e Manán de San Cosme.

b) Corrección das delimitacións dos núcleos rurais seguintes para adaptalos ás Directrices de





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Ordenación do Territorio: Adai, Camposo, Castrillón, Alto de Gomeán, A Vacariza, O Val, O Lousado, Vilaríño, A Campa e Manán de Santa María.

c) Corrección das delimitacións dos núcleos rurais común de: Adai, Outeiro, Alto de Gomeán, O Noviño, Rubial en Fonteita, Paradela, A Campa, Vilachá e Ponte de Neira.

3) Solo urbanizable:

Axuste do solo urbanizable SUNDR-1 á do Plan Sectorial de áreas empresariais de Galicia.

4) Normativa.

Corrección da DA 3ª eliminando do seu ámbito de aplicación os núcleos rurais de Arxemil, Sabarei de Abaixo, Veiga, Outeiro e Donalbán.

5) Estratexia de actuación e estudo económico.

Corrección do modo de apertura de vías do núcleo 14/03 (O Corgo).

6) Priorización da clase de solo de núcleo rural fronte á de rústico nos asentamentos de A Estrada e As Casetas.

7) Correccións no Catálogo do PXOM:

- o Inclusión da clasificación do solo no que se sitúa o ben catalogado.*
- o Ampliación do entorno de protección do núcleo de Pedrafita.*
- o Corrección de erros na delimitación de Castro da Croa."*

A Comisión Especial de seguemento do PXOM, por 4 votos a favor (3 dos concelleiros do Partido Popular e 1 do concelleiro de DIC), 2 votos en contra dos concelleiros do PSOE e 1 abstención do concelleiro do BNG, acorda





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

ditaminar favorablemente a documentación aportada, requirida pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O concelleiro de DIC, Javier Vila, explica que está en contra das restriccións esixidas pola Xunta, nembargantes, como o informe desta é necesario e vinculante, vota a favor xa que cre que é importante para o interese xeral do municipio. Di que levamos 20 anos esperando polo PXOM e hai que ser valentes e darlle para adiante.

Mario Outeiro, concelleiro do BNG xustifica a súa abstención, dicindo que non está de acordo coas modificacións e restriccións esixidas pola Xunta. Afirma que se o seu voto fose necesario para a aprobación do documento, votaría a favor, como xa o fixera o seu grupo para a aprobación provisoria. Di que votaría a favor para correxir pequenos erros.

Javier Cerqueiro di que o seu grupo vota en contra, porque non se consultou cos veciños; e isto é un dos puntos do seu programa electoral."

Ábrese debate e Jesús Seijas opina que a aprobación do PXOM -que hai que aprobalo- non só é unha cuestión de responsabilidade senón tamén de transparencia, que tamén é importante.

Argumenta que é moi importante a forma de facelo, e non lle parece axeitado que se aprobe de costas aos veciños.

Di que ten un CD co PXOM do concello do ano 2012, e non lle parece de recibo que leve dez anos sen aprobar, e agora veña a premura de aprobalo. Entende que a presa non é boa e que debería exponerse de novo para que os veciños teñan coñecemento dos cambios que houbo. Entende que o PXOM se retivo para que os veciños non se enteraran.

O Alcalde explica que todos están a favor de que os núcleos delimitados fosen máis amplos, pero a competencia da aprobación é da Xunta, e nun futuro será a Xunta quen redacte os PXOM.

Jesús Seijas comenta que ninguén discute que a competencia sexa da Xunta, aínda que ó mellor se podería facer algo que mellorase a situación.



CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

O Alcalde recórdalle que foi o único concelleiro que votou en contra da aprobación provisoria do PXOM.

Mario Outeiro di que neste asunto hai que criticar ao Partido Popular, tanto a nivel galego como local. O PP cambiou en numerosas ocasións a Lei do Solo, o que retrasou a aprobación do PXOM. Cre que hai que intentar acadar a unanimidade para sacar adiante a Lei do solo.

A crítica a nivel local é motivada porque o Partido Popular do Concello nunca tivo ganas de que O Corgo tivese PXOM, ata agora ao final. A súa sensación é de que o goberno local non quería aprobalo.

Entende que debe darse a maior información posible do PXOM. Aínda que desde o concello non se lle negou información a ninguén, pensa que deberían facerse exposicións máis amplas nas parroquias.

En relación coa modificación das erratas do documento aprobado provisoriamente, di que está de acordo, aínda que non lle parece idóneo que se recorten os núcleos arredor das estradas, e que o Cardexo se clasifique como solo urbanizable e non como solo de núcleo rural común.

Finalmente indica que debe primar a aprobación do PXOM.

O Alcalde explica que o Partido Popular sempre tivo vocación de aprobar o PXOM, xa que entendía que sen él freábase o desenvolvemento do concello. O prazo para aprobación é moi longo, por exemplo, o Concello de Lugo aínda ten sen aprobar un 5% e empezou a redactarse antes que o do Corgo. O retraso do PXOM foi ocasionado polos informes sectoriais.

Javier Vila di que o concello leva 16 ou 20 anos intentando aprobar o PXOM. Durante estes anos produciuse no concello unha despoboación importante: xente nova do concello foise por non ter a posibilidade de construír vivendas. Tamén durante estes anos houbo modificacións legais, que implicaron retrasos na tramitación.

No concello constituíse unha comisión integrada por tódolos grupos políticos da corporación, co fin de que os núcleos se delimitasen o máximo posible





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

(antes contemplábase unha zona de expansión de 200 m), e coa opinión en contra do enxeñeiro redactor do plan que advertía que a Xunta os recortaría. Cambiaron a lei e as normas medioambientais, o que fixo que a tramitación fose dura. Hoxe o concello ten unha poboación inferior aos 5000 habitantes.

Nos concellos onde non hai PXOM todo é solo rústico. Aquí plantéase unha situación que é que temos algo, aínda que non lle guste a todo o mundo.

Engade que lle consta que os cidadáns sempre tiveron información, e que ninguén tivo impedimento por levar copias de documentos e informes e non se expuxo ao público porque o equipo redactor e o secretario informaron que non era necesario.

El vai apoiar ao PXOM porque cre que é necesario para O Corgo; senón se aprobase todo o solo sería rústico, e con él a xente poderá construír. Prefire un documento imperfecto que non ter nada.

Finalmente comenta que o equipo redactor informaba que os núcleos non se ían aprobar tan amplos como se contemplaba inicialmente e avisaba de que os ían recortar. Os núcleos dos PXOM de Láncara e de Castroverde non levan nin a metade de superficie que levan os do Corgo.

Remata a súa intervención pedindo que se mande información aos vecinos para que obteñan copia do PXOM.

Unha vez rematado o debate, o Pleno, por 6 votos a favor (5 dos concelleiros do PP e 1 do concelleiro de DIC), 3 votos en contra dos concelleiros do PSOE e 2 abstencións dos concelleiros do BNG, acorda aprobar o ditame da Comisión Especial de Seguemento antes transcrito e, en consecuencia, aprobar provisoriamente as modificacións do PXOM e elevalo novamente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para a súa aprobación definitiva, tal e como esta requiriu na súa Orde do 19 de maio de 2015





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

8.- Prórroga do contrato de recollida de residuos sólidos urbanos.

O Alcalde dá conta do escrito da empresa contratista do servizo de recollida de residuos sólidos urbáns no que solicita unha prórroga do contrato por un ano.

Mario Outeiro cre que neste punto hai unha despreocupación do goberno municipal; non controla o que se esixe nos pregos do contrato e espera ata o derradeiro momento para acudir á prórroga do contrato. Di que non entende porque se ten que chegar ao límite de tempo para tomar esta decisión. Pide que se faga un seguemento de cando se fai a limpeza dos colectores e que informe de cando se fan.

Cerqueiro pide que se teñan coidado cos colectores -moitos están estragados-, e que se estudie ben onde se van colocar.

O Alcalde comenta que o ideal sería facer plataformas de formigón onde se coloquen, aínda que hai algún nos que hai que solicitar autorización a Obras Públicas para que o autoricen.

Javier Vila opina que se deben reforzar os colectores no verán, xa que aumenta a poboación.

Rematadas as intervencións, o Pleno, en votación ordinaria e por 5 votos a favor dos concelleiros do Partido Popular, 4 abstencións (3 dos concelleiros do PSOE e 1 do concelleiro de DIC) e 2 votos en contra dos concelleiros do BNG, acorda aprobar a prórroga do contrato de recollida de RSU durante un ano.

9.- Elección dos festivos locais para 2016.

Por unanimidade de tódolos concelleiros acórdase fixar como festivos locais para o vindeiro ano 2016 o día 9 de febreiro, martes de Entroido, e o día 5 de outubro, San Froilán.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

10.- Asuntos de urxencia.

Non houbo.

B) CONTROL POLÍTICO DO GRUPO DE GOBERNO

11.- Mocións.

Seguidamente o Pleno trata as seguintes mocións, relativas á defensa do sector lácteo, ámbalas dúas presentadas o día 28 de xullo, cos números 1468 e 1470:

- Moción con número 1468, presentada polo grupo municipal socialista, que literalmente di:

"O Concelleiro Javier Cerqueiro González na súa condición de voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo comparece e como mellor en dereito proceda Di:

Que ó abeiro no disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXINDO A POSTA EN MARCHA DE MEDIDAS CON CARÁCTER URXENTE PARA GARANTIR A SUPERVIVENCIA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O gandeiro é un sector produtivo vital para Galicia, e en concreto, para a provincia de Lugo. O feito de que na nosa provincia existan máis de 15.000 explotacións, é máis que concluinte sobre a importancia da produción gandeira





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

na nosa economía. Sen embargo, a importancia do sector non se pode medir exclusivamente en termos económicos de produción, PIB ou volume de negocio.

A actividade gandeira ten moitas outras repercusións que non deben esquecerse como a súa acción sobre o territorio, sendo coñecido que onde hai un aproveitamento responsable e unha ordeación do territorio sensata inflúe moi positivamente na prevención de incendios e na conservación do medio ambiente.

Tamén é fundamental a actividade agrícola gandeira para a viabilidade e sostibilidade de un tecido económico secundario que obtén fundamentalmente os seus ingresos destes produtores tales como talleres, almacéns de suministros, comercializadores de combustibles ou empresas de transformación agraria.

A maiores, nunha provincia como a de Lugo, con un problema demográfico coñecido e recoñecido por todos os axentes sociais, as actividades gandeiras non son só unha garantía de mantemento de familias no rural senon un verdadeiro potencial de crecemento demográfico e económico en moitos concellos a través do exercicio propio, tanto da actividade gandeira, como da actividade asociada.

Nos últimos anos, os gandeiros levaron a cabo a maior reconversión e transformación coñecida dun sector produtivo na historia recente de Galicia.

Tamén os gandeiros da provincia de Lugo fixeron inxentes esforzos para adaptarse a un novo modelo produtivo, abandonando as pequenas explotacións e a maioritaria produción de carne para afrontar o futuro dun mercado crecente de leite e derivados lácteos, no que España era produtora deficitaria e a demanda superaba con creces a produción.

Esta situación mantense na actualidade, xa que se segue a producir menos leite en España do que se consume. Pese a iso, o produtor de leite galego segue cobrando polo litro de leite moito menos que en outras comunidades ou outros estados da Unión Europea. Un comportamento ilóxico dun mercado que, tendo máis demanda que produción, abarata os prezos da materia prima debido á influencia negativa que para os nosos gandeiros ten a globalización e a regulación do mercado a nivel europeo sen unha acción en defensa contundente e ca utilización de todos os recursos que poderían por en marcha tanto a Xunta de Galicia como o Goberno Central.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

A maiores, hai que engadir o mínimo peso de industria transformadora de derivados lácteos presente en Galicia, o que nos fai obter ingresos, fundamentalmente, da venda de materia prima sen obter valor engadido da comercialización de productos elaborados.


Coa desaparición das cotas lácteas, os gandeiros enfrontáronse a un novo reto, a adaptación á liberalización do mercado. A inacción ou actuación incompetente e irresponsable tanto da Xunta de Galicia como do Goberno Central resultaron en que, este feito, que podía ser unha oportunidade de crecemento para o sector, se convertese nun verdadeiro drama que, de non soluciónarse con inmediatez, levará ao peche e abandono da actividade de moitas explotacións pola súa inviabilidade económica nun contexto de mercado que mudou, e no que non teñen protección nin medidas concretas que garantan a sostibilidade da súa actividade.

A día de hoxe, nada útil se fixo por parte do Sr. Feijó e do Sr. Rajoy para solucionar o problema de produtores. Se algo cambiou foi a peor.

Hai gandeiros aos que directamente non se lles recolle o leite. Non se garante a recollida de leite nas explotacións baixo a ameaza de sacar ao mercado excendentes almacenados coa única finalidade de tirar os prezos da materia prima. O prezo do litro de leite segue baixando, marcando mínimos históricos cada día. Xa son moitos os gandeiros aos que lles pagan só 18 céntimos de euro por litro e moi poucos os que acadan os 30 céntimos de euro. A consecuencia inmediata desta situación é o colapso económico das explotacións, que se vén obrigadas a vender por debaixo dos custes de produción.

Á miseria que os gandeiros reciben pola súa produción hai, que sumar a ameaza de importantes multas pola coñecida como "supertaxa", problema ante o que o Goberno Central non ofrece ningunha solución a produtores e o Sr. Feijoo parece non ter entre as súas prioridades.

Despóis do desesperante pasotismo da Xunta de Galicia e do Goberno Central que non adoptaron as medidas necesarias a tempo para evitar chegar ao colapso actual, é necesario actuar con inmediatez e con medidas concretas que garantan a viabilidade das explotacións, protexán aos gandeiros, garantan unha comercialización responsable e estimulen o consumo.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Así mesmo, no marco dunha regulación autonómica e estatal inútil e dun mercado europeo que na situación actual debilitan as opcións de viabilidade e incluso supervivencia dos nosos gandeiros, é necesaria a implicación de todas as administracións.

Por todo o exposto e ante a crítica situación que atravesamos o sector lácteo en Galicia, e en concreto na provincia de Lugo, o Grupo Municipal Socialista do Concello de O Corgo somete a Pleno a Adopción do seguinte Acordo:

1-. Esixirle ó Sr. Feijóo, que como Presidente da Xunta de Galicia, primeira Comunidade produtora de leite en España, dea prioridade absoluta á situación do sector lácteo, e lidere as xestións necesarias ante o Goberno Central para poñer fin á crise dun sector vital para Galicia e garantir o futuro do mesmo.

2-. Esixir á Xunta de Galicia que habilite os instrumentos legislativos e operativos para garantir a recollida de leite nas explotacións galegas a un prezo que garanta a viabilidade das explotacións.

3-. Esixir á Xunta de Galicia e ao Goberno Central un plan específico para a valoración real e colocación de excedentes da industria láctea a través de medidas como as compras públicas de intervención deses excedentes, almacenamento privado e entrega a terceiros países.

4-. Esixir ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente do Goberno Central que fagan as xestións necesarias para pór na axenda europea de inmediato o problema do sector lácteo galego co impulso de medidas concretas que adapten a regulación do mercado europeo á realidade do sector productivo galego e estatal.

5-. Esixir á Xunta de Galicia a posta en marcha dunha campaña de estímulo do consumo de leite e derivados de procedencia galega a través de campañas de concienciación en comedores escolares, servizos de hostalería públicos ou con vinculación coas administracións públicas, así como programas específicos de concienciación.

6-. Esixir á Xunta de Galicia e ao Goberno Central a actuación eficaz da Comisión de Competencia, para que execute de maneira inmediate e contundente as





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

inspeccións e sancións contra as comercializadoras que utilizan o leite como un produto reclamo para o consumidor.

7-. Esixir á Xunta de Galicia e ao Goberno Central que se habilite de inmediato unha Comisión de Valoración de contratos vixentes con capacidade para anulalos se as condicións para o gandeiro non respectan parámetros de viabilidade, garantía de duración e recollida de leite.

8-. Instar á Xunta de Galicia a que, de acordo co Goberno Central, poñan en marcha de xeito inmediato, un plan galego de implantación de industria transformadora de derivados lácteos en Galicia con dúas vertentes: a produción de produtos tradicionais, que permita diversificar a produción propia das explotacións; e a produción de derivados lácteos de consumo masivo, vinculado a un plan de incremento das exportacións e penetración en mercados emerxentes.

En O Corgo a 24 de Xullo de 2015

Asdo: Javier Cerqueiro González

Vaceiro do PS de G PSOE no Concello do Corgo"

- Moción con número 1470, presentada polo grupo municipal do BNG co seguinte teor literal:

"MOCIÓN EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do sector lácteo en Galiza a día de hoxe pódese cualificar de dramática. Após o inicio desta campaña, a primeira logo da desaparición das cotas lácteas e en que a produción fica totalmente liberalizada, a situación en Galiza estase volvendo absolutamente insostible para as explotacións.

A ausencia de adopción de medidas e de decisións políticas por parte do Goberno Galego e do Estado para preparar ao sector para poder competir neste novo escenario está provocando consecuencias desastrosas.

Levamos varios meses de caídas continuadas dos prezos en orixe que obrigan ás explotacións a vender o seu produto por debaixo dos custos de produción e afrontando importantes perdas. Esta situación deriva da nula capacidade de negociación para os e as gandeiras que se ven sometidas aos ditados das grandes multinacionais da industria que, como xa denunciou mesmo o Tribunal da Competencia, estableceron un complot para provocar esa baixada de prezos, sen que o Goberno mova un dedo para defender o sector ou protexelo ante esa situación.

Esta práctica ten consecuencias especialmente graves en Galiza, onde actualmente xa se están asinando contratos por debaixo dos 20 céntimos.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Por outra banda, xa desde o Bloque Nacionalista Galego, vimos denunciando desde hai meses que, coa liberalización do sector, na práctica as industrias son as que establecen agora as novas cotas á produción, deixando totalmente desvalido o sector produtor. Así, mentres no resto do Estado español e de Unión Europea se está a incrementar a produción, en Galiza estanse establecendo mecanismos de restrición. As industrias son as que determinan, canto, cando e onde se pode producir leite. Esta dinámica vese ademais reforzada pola falta de acción e intervención dos gobernos galego e estatal, que fican impasíbeis a pesar da gravidade da situación que pode condicionar non só o presente do sector, senón o seu futuro e viabilidade a longo prazo.

As consecuencias máis graves deste feito comezáronse a percibir de forma máis estendida nas últimas semanas. Tanto algunha industria como algúns primeiros compradores deciden unilateralmente, sen previo aviso e incumprindo os contratos asinados, que deixan leite sen recoller nas explotacións. Isto provoca, obviamente, unha situación terríbel por tratarse dun produto perecedeiro que está obrigando, en moitos casos a tirar o leite, xa que existen mesmo dificultades para atopar quen llelo recolla case que "regalado".

De se manter esta situación durante máis tempo pode acabar por ser irreversible para moitas explotacións que, en moitos casos, levan meses botando man dos aforros para poderen manter a produción neste contexto de prezos.

O sector lácteo é a columna vertebral da economía rural, mesmo da persistencia de vida no rural en moitas comarcas. Non podemos consentir que peche nin unha explotación máis.

Non podemos seguir agardando, vendo como se esfarela un sector punteiro e viábel, sen que se tomen decisións urxentes para atallar a situación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello do Corgo comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandelras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.
2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan apremen ás Industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.
3. Instar ao Goberno Galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción para o cal se adoptarán as seguintes medidas:
 - a) Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.
 - b) Estabelecer, nese ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.
 - c) Reclamar a modificación do Real decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias das condicións contractuais; mecanismos de garantía de recollida da produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

4. *Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de dumping nas grandes áreas de distribución evltando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas.*

O Corgo, 28 de xullo de 2015

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG*

Marta López Abeledo di que non se lles puxo aos gandeiros de aquí un bus para ir a Santiago.

Mar Gómez di que se avisou aos gandeiros, pero uns dixeron que non podían ir e outros que preferían ir en coche.

O Alcalde di que dende o concello sempre se apoiou ao sector gandeiro, xa que a metade da corporación municipal foron gandeiros e agora tamén os hai. Comenta que él mesmo tivo un negocio con cinco ou seis empregados que vivían do sector:

Felipe Labrada explica que él ben sabe a gravidade da situación, e a de manobras que tivo que facer en propia persoa para saír adiante. Di que estamos nunha época moi difícil para saír adiante e que o tema dos contratos non serviu de nada.

Javier Cerqueiro pregunta se o concello está integrado na plataforma en defensa do sector lácteo.

O Alcalde di que non o sabe.

Felipe Labrada contesta que non.

Sometidas ámbalas dúas mocións a votación conxunta, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar as referidas mocións.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

A continuación o pleno trata a moción presentada polo grupo municipal do PSOE, con rexistro de entrada nº 1465 do día 28 de xullo, que literalmente di:

“O concelleiro Javier Cerqueiro Gonzalez, na súa condición de voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

Exposición de motivos:

Nos últimos tempos o PSOE ven de promocionar que os máximos pobos posibles, poidan acceder ó servizo de auga pública, algo que dende o noso entender é básico nestes intres en que a sequía cada ano se amosa máis ameazante.

A pesar dos innegables atrancos manifestados dende o equipo de goberno hacia esta medida, podemos recordar aquí, que o mesmo equipo de goberno levou a pleno a conveniencia de que os veciños de paradela accedieran o servizo de auga, dende o distribuidor público sito en san fiz, en contra do parecer dos mesmos veciños, e do grupo do PSOE, que pensaban que sería máis beneficioso para o concello en xeral, dotalos de auga dende a traída xeral, xá que isto beneficiaría tamén ós veciños de Manán de Arriba, e podía aforrar costes de execución.

O que sí que se demostrou inmediatamente, o que a elección feita polo equipo de goberno representou unha malísima opción para os veciños de paradela, xá que en canto queren acceder á auga pública, atópanse con que ésta se atopa en condicións totalmente insalubres, e con evidentes síntomas de non ser potable, nin tan siquera recomendable como auga sustitutiva non potable.

Por todo o anterior, propoño á consideración do Pleno desta Corporación a Adopción do seguinte acordo:

Que por parte do pleno deste Concello se acorde instar ó alcalde, para que no prazo máis corto posible, proceda a adecuación do distribuidor de auga de sanzif, para que os veciños poidan gozar de auga potable, xá que a situación





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

actual do mesmo e de total insalubridade, e por parte dos veciños xa se prevén problemas de suministro no pobo en datas non moi lonxanas.

En o Corgo a 24 de xullo de 2015

Asdo. Javier Cerqueiro Gonzalez

Voceiro do PS de G PSOE no Concello de O Corgo."

Marta López Abeledo di que traen esta moción por mor do mal estado no que se atopa o depósito de Paradela e polas condicións insalubres da auga que se distribúe en San Fiz. Por iso piden que se subministre a eses veciños coa traída de auga da rede municipal, da que ademáis se beneficiarían os pobos de Manán de Arriba.

O Alcalde explica que se hai un servizo de abastecemento de auga establecido nunha parroquia non ten sentido que uns veciños da mesma teñan o servizo dúnha maneira e outros doutra. A solución de subministrar auga da rede xeral suporía traer a rede dende O Rego que está a uns 2 quilómetros. O depósito da rede de abastecemento de auga de Paradela costou moitos cartos. Engade que estivo falando cunha veciña que lle fixo saber do mal estado e condicións nas que se atopa o depósito e que por iso foi alí e viu o entorno do depósito limpo e observou que alguén intentou entrar no depósito rompendo as uralitas do teito, e andiveron nas bollas, o que provoca que a auga saia máis turbia. O martes próximo vaise facer unha limpeza xeral e arranxar o depósito. Recoñece que a auga nace nun sitio de barro e sae algo turbia.

Marta López Abeledo manifesta que o que pretende o seu grupo é que se arranxe o problema.

Mario Outeiro pide que se solucione o problema do suministro de auga nos pobos. Recorda que pesentaron varias mocións no anterior mandato para que se controlase a calidade da auga e das traídas das parroquias, xa que





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

houbo hostaleiros que tiveron problemas con Sanidade porque a auga dos seus establecementos non era potable.

Rematadas as intervencións, o Pleno, en votación ordinaria e por 6 votos a favor (3 dos concelleiros do PSOE, 2 dos concelleiros do BNG e 1 do concelleiro de DIC) e 5 abstención dos concelleiros do PP, acorda aprobar a referida moción.

Javier Cerqueiro di que hai que cumprir o acordo.

O Alcalde explica que o seu grupo se abstén porque xa se están adoptando as medidas e, á pregunta do secretario, responde que o que se aproba é o arranxo do depósito.

Javier Cerqueiro di que falará coa presidenta para ver como vai a cousa, e senón funciona haberá que buscar outra solución.

O Alcalde di que se poden poner uns filtros para evitar a turbidez, e que lle parece que levar a auga pola rede xeral supón uns dous quilómetros e isto elevaría moito os custos de mantemento.

A continuación o pleno trata a moción nº 1469, do 28 de xullo de 2015, presentada polo grupo municipal do BNG, que é explicada por Mario Outeiro e que literalmente di:

"MOCIÓN PARA DEMANDAR A CREACIÓN DOS CONSELLOS DE SAÚDE DAS ÁREAS SANITARIAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desmantolamento do sistema sanitario público da Galiza é unha constante, é a folga de ruta do PP á fronte do Goberno galego.

A día de hoxe a sanidade pública recibe menos orzamento, un recorte de máis do 12% desde o ano 2009, menos medios, presenta listaxos de espera disparadas... Todo isto implica menos saúde pública, confirma o traslado do gasto sanitario ás persoas doentes. O goberno galego recorta en infraestruturas e mantén a estratexia de privatización da sanidade pública. A Xunta entregou xa a empresas privadas -na súa maioría multinacionais, algunha vinculada a fondos financeiros- e de fóra de Galiza unha parte considerábel dos servizos da rede do Sergas. Padecemos un recorte do 21% na atención primaria desde a chegada de





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Feijóo á Presidencia, a pesar de ser a porta de entrada na sanidade, con case 3.000 profesionais menos, desde a aplicación da taxa de reposición no ano 2010, sometidos/as a un recorte salarial do 30%. A esta redución hai que acrecentar o peche de case 400 camas, o abandono e deteriora das infraestruturas sanitarias e a non construción doutras comprometidas, como o Hospital do Salnés e 15 centros de saúde ao longo de todo o país que carecen de consignación orzamentaria da Xunta

Esta situación provoca a reacción da cidadanía a través de iniciativas nas institucións que presentan as forzas políticas, como o BNG, ou organizada na Plataforma SOS Sanidade Pública para deter a política de recortes e privatizacións que impulsa o actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas. Porque a sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade, por iso estamos todas e todos comprometidos na mellora deste servizo público, incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento do achegamento dos servizos de saúde ao territorio e para lograr a redución dos tempos de espera hospitalaria.

A Lei 8/2008 do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, recolle no seu preámbulo e no texto articulado, a participación social co obxectivo de incorporar a visión e a percepción da sociedade no deseño e funcionamento nos proxectos asistenciais e na garantía de dereitos.

Así, no artigo 25 da lei, recóllese a participación territorial a través dos consellos de saúde de área, reflectindo a súa composición e competencias, integrados polos concellos comprendidos na área sanitaria correspondente, agrupacións ou federacións de asociacións veciñais con actuación no ámbito da área sanitaria, organizacións sindicais e empresariais máis representativas, cargos designados pola Xunta de Galiza e asociacións de pacientes.

Lamentablemente, a partir da entrada en vigor desta lei os consellos foron constituíndose nas áreas sanitarias, mais a negativa de Xunta de Galiza a convocalos provocou o seu esmorecemento ou a súa desaparición.

A actual situación de deterioro da sanidade pública obriga a necesaria revitalización dos consellos de saúde de área para facer posíbil a participación social que obrigue a Administración sanitaria e o goberno da Xunta de Galiza a escoitar as alternativas e suxestións da cidadanía galega para mellorar este servizo público esencial para os galegos e as galegas.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Demandar da Xunta de Galiza a constitución e convocatoria dos consellos de saúde de área para cumprir coa participación social e territorial da cidadanía, tal como sinala a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, para que se escoiten as alternativas e achegas das galegas e dos galegos para mellorar este servizo público esencial.**
- 2. Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, titular da Consellaría de Sanidade e grupos parlamentares do Parlamento galego.**

O Corgo, 28 de xullo de 2015

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG"





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100, Fax: 982 302 068

Javier Cerqueiro di que está de acordo co BNG. En Lugo está, por exemplo, o problema da hemodinámica, e pensa que os consellos de saúde de área poden servir para implantar estes servizos.

Javler Vila explica que él non se opón porque é favorable á Sanidade.

O Alcalde di que xa apoiaron a hemodinámica no seu momento e que a sanidade en España é moi boa.

Tras estas intervencións, o Pleno, en votación ordinaria e por 6 votos a favor (2 dos concelleiros do BNG, 3 dos concelleiros do PSOE e 1 do concelleiro de DIC) e 5 abstencións dos concelleiros do PP, acorda aprobar a moción que antecede.

A continuación o Pleno trata a moción con nº de rexistro de entrada 1462, do 28 de xullo, que literalmente di:

"Don F. Javier Vila Núñez, concelleiro do grupo municipal Demócratas Independientes do Corgo (DIC) ven formular para a súa aprobación a seguinte moción en base a:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP de O Corgo presenta deterioro na súa cuberta, tal como desprendemento de tellas, o cal vén supoñer un grave risco para o alumnado e persoal docente e non docente que ao longo do curso escolar realizan as súas tarefas en dito centro.

Así mesmo tamén cabe destacar o seu deterioro interno.

Dado que a titularidade do mesmo depende da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, sométese á consideración do pleno municipal a aprobación dos seguintes acordos:

- 1. Que se proceda á comunicación ao organismo competente a fin de que se adopten as correspondentes medidas para a súa subsanación.*





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

2. *Que no seu caso e subsidiariamente o propio concello proceda ao seu arranxo dado o grave risco que supón o seu uso nas condicións anteriormente citadas antes do próximo curso.*
3. *Que se proceda á súa valoración.*

En O Corgo, a día 23 de xullo de 2015

Fdo. F. Javier Vila Núñez"

Mar Gómez explica que antes de rematar o curso escolar os da Consellería de Educación estiveron no colexio e hoxe xa está concedida unha subvención.

Javier Vila di que como hai unha subvención concedida, retira o primeiro punto da moción.

Tralas Intervencións, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a moción agás o punto 1 que foi retirado.

Seguidamente o Pleno trata a moción con nº de rexistro de entrada 1461, de 28 de xullo, que literalmente di:

"Don F. Javier Vila Núñez, concelleiro do grupo municipal Demócratas Independientes do Corgo (DIC) ven formular para a súa aprobación a seguinte moción en base a:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As cunetas das vías municipais do concello de O Corgo atópanse en mal estado afectando á circulación a causa da mala visibilidade por causa da maleza e das herbas, e é usual escoitar ós veciños pedir que se incremente o servizo de limpeza das mesmas.

Sométese á consideración co pleno municipal a aprobación dos seguintes acordos:





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

1. *Que se realice a limpeza e conservación de ditas cunetas usando para tal efecto os tractores de desbroce que á súa disposición ten o concello.*
2. *Que polo menos un dos tractores de desbroce funcione todo o ano, atendendo ás demandas dos veciños a tal efecto, ou ben, que funcionen ambos dous meses máis ó ano de xeito alternativo.*

En O Corgo, a día 23 de xullo de 2015

Fdo. F. Javier Vila Núñez"

O Alcalde explica que hai consignado no orzamento crédito para 6 meses de traballo para dous tractores, co que o servizo se prestará ata o 31 de decembro; se queda algo sen facer consignarase no 2016.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a moción.

O Alcalde di que o que non se faga se consignará no 2016.

Seguidamente o Pleno trata a moción con número de rexistro de entrada 1460, de 28 de xullo, presentada polo DIC, que literalmente di:

"Don F. Javier Vila Núñez, concelleiro do grupo municipal Demócratas Independientes do Corgo (DIC) ven formular para a súa aprobación a seguinte moción en base a:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada que comunica San Fiz de Bergazo e Campelo nun estado de deterioro importante (dende a casa de Antonio ata a Casa do Sisto).

Ao mesmo tempo, na parroquia de Campelo, uns tubos que hai na entrada da casa de Balbino, atópanse rotos, según relata o propio afectado, dita rotura foi causada por maquinaria que arreglaba o camiño, quedando así, sen amañar.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Sométese á consideración do pleno municipal a aprobación do seguintes acordos:

- 1. Que sexa incluído no primeiro plan de obras que xurda a rexeneración de dita pista.*
- 2. Que sexan subsanados os tubos.*

En O Corgo, a día 23 de xullo de 2015

Fdo. F. Javier Vila Núñez"

O Alcalde comenta que está previsto facer unha rexeneración duns 300 metros nese lugar e pensa que así se solucionará o problema.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a moción que antecede.

A continuación trátase a moción con número de rexistro 1459, do 23 de xullo, que literalmente di:

"Don F. Javier Vila Núñez, concelleiro do grupo municipal Demócratas Independientes do Corgo (DIC) ven formular para a súa aprobación a seguinte moción en base a:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente tivo lugar a colocación duns tubos na estrada que sube a Alfonxe para ensanchar e facilitar a circulación en dita vía. Aínda se ndo unha obra positiva, a colocación de ditos tubos non foi axeitada, xa que o modo de colocalos resulta perigosa para os veciños e usuarios da vía.

Sométese a consideración do pleno municipal a aprobación dos seguintes acordos.

- 1. Que se someta a revisión a colocación e subsanación dos mesmos, xa que supoñen un risco para os que por alí circulan.*





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

En O Corgo, a día 23 de xullo de 2015

Fdo. F. Javier Vila Núñez"

O Alcalde explica que o interesante sería que o propietario cedese máis terreo, porque esa zona coincide cunha curva, aínda que lle parece que o propietario non está por esa labor.

Marta López Abeledo comenta que un pouco máis arriba do lugar do que se fala hai unha curva que parece que é moi perigosa, tanto para vehículos como para camións.

O Alcalde di que hai unha curva de 90º e que para solucionalo pasa por adquirir un terreo, por expropiación.

Felipe indica que pode ser tamén por cesión do terreo.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a moción referida.

12.- Rogos e preguntas

Javier Vila solicita que se investigue a titularidade do camino que discorre entre a antiga e a nova estrada provincial no campo da feira de Gomeán. Tamén solicita que se acondicione con zaborra.

Neste momento Javier Vila retírase do Pleno por asuntos persoais.

A continuación o Pleno trata os rogos seguintes:

- Rogo con nº de entrada 1471, que literalmente di:

"ROGO SOBRE A POSTA EN VALOR DOS PLENOS MUNICIPAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tendo en conta que no pleno recae a representación democrática das corguesas e corgueses, non só é precisa a súa dignificación sonón tamén a súa posta en valor dando coñecemento de primeira man a toda





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

a cidadanía interesada no que acontece nel. Hoxe, ademais, existe tecnoloxía suficiente para que os veciños poidan ver en vídeo o que acontece nos plenos a prezos moi reducidos como fan outras administracións locais da provincia (concello de Outeiro de Rei, Deputación de Lugo...). Outra medida sinxela e gratuíta, en aras á transparencia, sería colgar en internet as actas aprobadas dos plenos.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo presenta o seguinte

ROGO

1. **Que se poñan en valor os plenos do concello colgando na páxina web do concello o contido dos mesmos (vídeo e acta).**

O Corgo, 28 de xullo de 2015

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG

Felipe Labrada di que non hai ningún problema en colgar as actas aprobadas na web.

- Rogo con nº de entrada 1472, do 28 de xullo, que literalmente di

ROGO SOBRE A LIMPEZA, POSTA EN VALOR E CONSERVACIÓN DAS PONTES HISTÓRICAS DO CORGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A abundancia de cursos fluviais así como de multitude de históricas vías de comunicación que atravesaron o noso territorio (unindo a cidade de Lugo coa meseta e o Sur da provincia) propiciaron a construción de fermosas pontes que atesouren un importantísimo valor arquitectónico. Estamos falando da ponte de Neira no río homónimo, da de Lago e a vella de Gomeán no río Tórdea, a de Galiñeiros no río Chamoso ou a da Torre de Anseán no río Mazandán, sen esquecer as construídas nestes tres últimos ríos para o Camiño Real de Carlos III (posteriormente convertido en estrada nacional).

Pese a ser un dos principais atractivos do noso patrimonio material, a maior parte das pontes atópanse hoxe cubertas pola maleza e os visitantes non dispoñen de ningunha información relativa aos bens en cuestión.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

A maiores, algunha das pontes sinaladas sufríu nos últimos anos danos importantes a nivel estrutural como a ponte de Anseán, sometida a un tráfico moi pesado, ou a de Galifeiros na que o paso de maquinaria pesada fixo que se derrubara algunha pedra do petril.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo presenta o seguinte

ROGO

- 1. Que se limpen as pontes históricas do concello do Corgo seguindo os criterios da comisión de patrimonio da Xunta.*
- 2. Que se poñan en valor os devanditos elementos patrimoniais con paneis informativos.*
- 3. Que se implementen as medidas oportunas para unha boa conservación das pontes históricas, se for preciso, realizando algún traballo de rehabilitación.*

O Corgo, 28 de xullo de 2015

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG

O Alcalde opina que é unha pena que estando Mario na Deputación non se acordara dar unha subvención para amañar esas pontes.

Mario Outeiro contéstalle que é o Alcalde quen se ten que acordar de arranxar as pontes das estradas do concello.

- Rogo con rexistro de entrada 1473, do 28 de xullo, que literalmente di:

ROGO SOBRE ESTADO DE ABANDONO DALGUNHA ZONA DE LECER

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello do Corgo dispón de zonas de lecer distribuídas en distintos puntos do termo municipal estando moitas delas suxas, cheas de vexetación ou directamente inservíbeis. Unha das máis significativas é o Campo da feira de Gomeán moi usada, non só os días de feira, e onde dende hai meses está tirada unha canastra de baloncesto.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo presenta o seguinte

ROGO

1. *Que se proceda a efectuar o mantemento oportuno (que se limpen, rocen e cuiden) das distintas zonas de lecer do concello.*
2. *Que se coloque a canastra para o seu uso deportivo ou, se posúe algún defecto irreparable, que se proceda á súa retirada dun lugar tan emblemático como o Campo da feira de Gomeán.*

O Corgo, 28 de xullo de 2015

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG"

- De seguido trátase o rogo con número de rexistro 1467, que literalmente di:

"Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO

Don/a. JAVIER CERQUEIRO GONZALEZ, na súa condición de Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de O CORGO comparece e como mellor en Dereito proceda Di:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.6 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno os seguintes :

ROGOS

1. *Dada a situación de deterioro na que se atopa a ponte de Lago, e dado o carácter indiscutiblemente emblemático da mesma, dende o Psoc rogamos ó presidente desta corporación que proceda a tomar as medidas tendentes a rehabilitala o antes posible, para o que instamos a que contacte o antes posible con outras administracións tamén competentes no feito, e proceda a efectuar un estudo do custo desta rehabilitación.*
2. *En datas recentes levouse a cabo por parte deste Concello, un plan de reposición de carteis sinalizadores en varias partes do*





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

termo municipal, en realidade por parte do Psoe, confiábase en que este plan fora un plan integral, e ademais se realizara con obxectividade, pero xá pasados uns meses observamos que soio chegaron os carteis a algunhas zoas, tamén vemos que en moitos casos eses carteis están errados, e tamén vemos que os criterios de "identificación" de pobos, monumentos, etc, son canto menos chamativos, así podemos ver que na parte sur do Concello, a día de hoxe aínda non se instalou practicamente ningún cartel.

Dado o anterior rogamus ó Presidente desta corporación que proceda a estender esta identificación a todos os nucleos do Concello, que ó mesmo tempo vele pola rigurosidade na execución deste plan, xá que se están a ver erros de moito calado, e que non discrimine con esta actuación a ningún barrio do Concello.

En O Corgo a 24 de xullo de 2015

Asdo.: Javier Cerqueiro González

Voceiro/a do PSdeG-PSOE "

Jesús Seijas indica que as sinais e carteis indicadores recentemente instalados están mal. En concreto, en Adai hai un panel grande fronte á casa de Benito que sinala mal as distancias que hai a Vilaceleiro e a Vilachá.

Así mesmo di que hai paneis para uns lados e para os outros non.

O Alcalde explica que hai unha limitación de orzamento e puxéronse onde máis circulación.

Mario Outeiro opina que a execución foi unha chapuza total; por exemplo, hai un sinal que pon Río Seco cando debería poñer Rioseco, e solicita que se extenda a sinalización a todo o concello.

A continuación o BNG formula a pregunta rexistada con número 1475, que literalmente di:





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

"PREGUNTA SOBRE O PAGAMENTO DA PAGA EXTRAORDINARIA RETIRADA AOS TRABALLADORES DO CONCELLO DO CORGO EN 2012

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 26 de setembro de 2012 o BNG defendía en pleno a moción que levaba por título "Moción para impedir a perda do poder adquisitivo das empregadas e empregados públicos afectados polo RDL 20/2012", proposta que foi rexeitada cos votos en contra dos sete concelleiros do Partido Popular.

Nos plenos do 6 de febreiro e do 25 de setembro o BNG levaba un rogo no que se xustificaba con exemplos que a xurisprudencia neste tema tanto na orde social (para o persoal laboral ao servizo das administracións públicas) como na orde contencioso administrativa (para os funcionarios) está sendo unánime en recoñecer alomenos o dereito ao cobro da parte proporcional da extra xa devengada no momento da entrada en vigor do RDL (Real Decreto Lei) 20/12, publicada no BOE do 14 de xullo de 2012 e con entrada en vigor o día seguinte, que ordenou a súa supresión en decembro de 2012, baseándose na irretroactividade das normas e na seguridade xurídica dos cidadáns, principios ambos recollidos na Constitución.

Nos dous últimos plenos referidos o goberno municipal amosouse disposto a estudar os rogos.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo presenta a seguinte

PREGUNTA

3. **Cales foron as xestións municipais relativas á recuperación da devandita paga extra (ou alomenos da parte proporcional devengada)?**

O Corgo, 28 de xullo de 2015

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG

A petición do Alcalde, o secretario explica que están pagados os 44 días de paga extra deixada de percibir.

De seguido trátase a pregunta con número de rexistro de entrada 1474, que literalmente di:

"PREGUNTA SOBRE O CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DA TRAÍDA MUNICIPAL





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n. - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O deterioro da calidade das augas provenientes dos pozos particulares por diversas vías de contaminación xunto con períodos de seca cada vez maiores como o deste verán fan das traídas de auga municipais un dos servizos máis importantes e demandados que poden ofrecer as entidades locais.

A zona do concello do Corgo que se distribúe a carón da estrada Nacional VI conta dende hai anos con este demandado servizo. Porén, o BNG do Corgo levou ao pleno do 1 de agosto de 2014 un rogo no que se advertía do escaso control da calidade da auga subministrada que fai que varios establecementos hostaleiros que empregan a auga da traída non superasen os pertinentes análises de salubridade. Este grave aspecto, que pode incidir na saúde pública dos cidadáns do concello, tampouco se corresponde coas cada vez máis grandes taxas por consumo.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo presenta a seguinte

PREGUNTA

4. **Que medidas se están levando a cabo para un control máis exhaustivo da calidade da auga subministrada pola rede municipal de abastecemento?**

O Corgo, 28 de xullo de 2015

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG"

O Alcalde comenta que se fan analíticas unha vez ao trimestre, que é o que marca a Lei. As analíticas fainas unha empresa chamada Bosende Trebo, a parte dos controis que fai sanidade. Engade que a rede ten un problema co cloro, xa que se se carga moito ao principio da rede, en Gomeán detéctase exceso de cloro, e se se bota menos, non chega á toda a rede.

Mario Outeiro di que non é dabondo que se faga unha soa análise ao trimestre.

De seguido trátase a pregunta rexistrada co número 1466, que literalmente di:

"Don/a. JAVIER CERQUEIRO GONZALEZ, na súa condición de Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo comparece e como mellor en Dereito proceda Di:



CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Que á beira do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes :

PREGUNTAS

O estado da estrada local de quinte no núcleo de quinte, e impracticable para o uso de turismos, apesares de que non fai moito tempo que o Concello procedeu a facer un lavado de cara por aqueles contornos, pero concretamente donde peor se atopaba a estrada, nin tan sequera chegou, a pregunta sería:

Ten o Concello coñecemento desta impracticabilidade, e pensa facer algo por solucionar o problema.

En O Corgo o 24 de xullo de 2015

Asdo.: JAVIER CERQUEIRO GONZÁLEZ


Voceiro/a do PSdeG-PSOE " "

O Alcalde di que se fixo unha actuación pero que haberá que volver contemplalo no futuro. Trátase dun tramo ao pasar a Igrexa.

Marta López Abeledo comenta que sae na radio a publicidade da festa da praia pero non se cita a festa do domingo, pregunta porqué no se fai publicidade dos eventos do domingo, cando é o día máis importante.

O Alcalde explica que se contactou coa emisora e que esta preferiu facer dúas cuñas de anuncio, unha para o sábado e outra para o domingo e emitilas alternativamente. Estanse a emitir anuncios para os dous días.

Parécelle importante fomentar a acampada e as merendas.





CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Non habendo máis asuntos que tratar remata a sesión ás 15:00 horas,
redactándose a presente acta. Dou fe.

